

Organiza

**CONSERVATORIO PROFESIONAL DE
MÚSICA DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA**

Rúa Monte dos Postes, s/n,
15703 Santiago de Compostela

Tfno e Fax: 981 51 98 45

www.conservatoriosantiago.com

cmus.santiago@edu.xunta.es



Curso 2016/2017



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Tango para cordas

Impartido por

Alicia Alonso
Guillermo Copello



13 e 14 xaneiro de 2017

Tango para cordas

Dende os seus inicios, o tango ten unha longa andaina gracias ao aporte dos grandes mestres que tivo e segue a ter este xénero. Nos últimos anos as novas xeracións souberon continuar esta herdanza difundindo e ampliando os seus horizontes. Hoxe a cidade de Buenos Aires conta cun gran número de músicos de tango, que foi crecendo significativamente nos últimos vinte anos.

Este obradoiro propónse dentro deste marco onde a aprendizaxe se realiza directamente a través do encontro entre músicos, abordando os diferentes elementos técnicos e interpretativos do tango nos instrumentos de corda co obxectivo de coñecer a linguaxe tanguera. Para iso, traballaránse os modelos de acompañamento básicos, os diferentes xeitos de fraseo, golpes de arco característicos e efectos, aproveitando ao máximo os recursos que posúen os instrumentos de corda e adaptando a estes os "yeites" e as diferentes particularidades de execución dos outros instrumentos propios do xénero.

Alicia Alonso

Nada en Ciudad Real en 1984, realiza os seus estudos de violín no Conservatorio Superior de Música de Salamanca, continuando a súa carreira no Real Conservatorio de Música de Den Haag, Holanda. É alí onde estudia tamén música latinoamericana, flamenco e tango na Universidade de Codarts, Rotterdam, World Music, onde se gradúa cun "Master en Tango".

No 2011 establécese en Buenos Aires onde comeza a desenvolver a súa carreira artística co tango e a música popular colaborando en diferentes proxectos. Forma parte do Sexteto Astillero e da Orquesta Típica Julián Peralta.

Participou na grabación de varios discos con diferentes proxectos actuais, entre eles: "Un disparo en la noche I", "Un disparo en la noche II", coa Orquesta Típica Julián Peralta, "Pablo Mota Quinteto", "Amores Tangos" e "Soundtrack Buenos Aires" Astillero con orquesta de cordas.

Dende 2012 organiza proxectos educativos sobre tango para instrumentistas tanto en Europa como en Arxentina, dictando obradoiros en varias cidades como Santiago de Compostela, Lugo, Ciudad Real, Burgos (España), Friburgo (Alemania), Rosario, Córdoba e Mendoza (Arxentina).

Guillermo Copello

Nado en Rosario, Arxentina en 1982, é Profesor e Licenciado en Composición pola Universidade Nacional de Rosario. Compón e arranxa para numerosos proxectos que van dende formacións de tango e folklore, orquestras infantís, música experimental, teatro, instalacións artísticas, até música de cámara e proxectos de improvisación.

Participa en varios grupos adicados ao tango e á música popular como a Orquesta La Biaba coa que grabou dous discos: "La Biaba Tanguera" en 2012 e "Impulso" en 2016. O Quinteto QUINTEgaseTO co que grabou o disco "Outro Tango" en 2014; a Orquesta Típica de Julián Peralta coa que grabou "Un disparo en la noche II" en 2016. Realizou grabacións como invitado de artistas de varios xéneros populares que van dende o folklore, chamamé e tango até rock e jazz.

No ámbito da docencia dictou obradoiros de interpretación e arranxos de tango para instrumentistas de corda na cidade de Rosario, Río Grande e Mendoza (Arxentina). Traballou tamén como preparador na sección de cordas na Orquesta Escuela de Tango da Municipalidade de Rosario.

www.alonsocopello.com

INFORMACIÓN XERAL

DATAS: venres 13 e sábado 14 de xaneiro de 2017 de 11:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00 horas. Concerto final: sábado 14 de xaneiro ás 20:00 horas.

LUGAR: Auditorio do CMUS Profesional de Santiago de Compostela e Café-Bar SCQ para o concerto final.

PREZO: 45 Euros

PRAZO DE INSCRICIÓN: até o 23 de decembro incluído de 2016

FORMA DE INSCRICIÓN: ONLINE no enderezo:

www.conservatoriosantiago.com

No momento de realizar a inscrición, deberá enviarse por correo electrónico o xustificante do ingreso bancario ao enderezo electrónico:

cmus.santiago@edu.xunta.es

NÚMERO DE CONTA:

ABANCA

IBAN ES04 2080 0348 30 3040011278

Facer constar no ingreso "obradoiro de tango para cordas" e nome da/o alumna/o